

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN E O
DESENVOLVEMENTO DUN ENCONTRO INFORMÁTICO VIRTUAL NO ANO 2020**

En Santiago de Compostela, a 30 de novembro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Fundación Semana Verde de Galicia, con NIF G36155208, na súa condición de presidente do Padroado en función do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de agosto de 2008 e do artigo 13 dos seus estatutos.

E doutra, Fabiola García Martínez, en virtude do seu cargo de conselleira de Política Social, para o que foi nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 e de conformidade co establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e

capacidade suficiente para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

Primeiro. Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Os artigos 7.1 e 2, 10 e 14 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, reconece expresamente o convenio de colaboración como instrumento de cooperación entre a administración autonómica e os entes instrumentais que integran o sector público autonómico.

Segundo. Constituída no ano 1991, actualmente a Fundación Semana Verde de Galicia é unha fundación do sector público de Galicia nos termos previstos na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, quedando baixo o Protectorado da Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo. A Fundación ten entre os seus fins reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacional.

Terceiro. Que a Consellería de Política Social é o órgano da Xunta de Galicia ao que compete levar a cabo, entre outras, a súa política en materia de xuventude e segundo o disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, entre as súas competencias está a de apoio ao

desenvolvemento da actividade xuvenil, así como o fomento da participación da xuventude na vida social.

Cuarto. Que a Consellería de Política Social é consciente da importancia que ten brindar á xuventude un marco para que se introduza e afonde na sociedade da información e no manexo das novas tecnoloxías e de que a adaptación aos tempos actuais e de inmediato futuro esixen a utilización sistemática de novas tecnoloxías que se están introducindo masivamente no mundo da información, polo que é necesario darlle á xuventude a posibilidade de ter un punto de referencia sobre estas tecnoloxías, con presenza dos produtos máis actuais, onde ademais poidan desenvolver e darlle saída á súa creatividade.

Quinto. Que a Fundación Semana Verde de Galicia conta coas instalacións adecuadas para o establecemento dun centro de operacións e dun plató de televisión xigante que servirá de fío condutor das actividades a desenvolver nun encontro informático virtual que permitirá que máis de 1000 mozos e mozas estean conectados durante tres días. Trátase dun espazo caracterizado pola súa capacidade e estruturación.

Sexto. Que as partes teñen, como interese común, a promoción de actuacións que contribúan á introdución da sociedade galega en xeral e da xuventude en particular, no mundo das novas tecnoloxías.

Sétimo. Que a organización de actividades lúdicas, formativas e culturais vinculadas ás novas tecnoloxías teñen unha grande demanda por parte da xuventude galega, que reclama a organización dun evento centrado neste aspecto. O encontro será un evento dirixido á xuventude que desexe unha relación máis directa coas novas tecnoloxías nun escenario singular, cunha serie de actividades dinámicas; un evento multidisciplinar con diversas áreas temáticas que aborde a tecnoloxía dende todas as perspectivas.

Oitavo. Que dado o carácter nominativo da subvención a favor da Fundación Semana Verde de Galicia nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, non é posible promover a concorrência pública.

A través deste convenio a Consellería de Política Social concederá unha subvención pública a favor da Fundación Semana Verde de Galicia co obxecto de fomentar o desenvolvemento dun encontro informático virtual.

Noveno.- Que a Fundación Semana Verde de Galicia presentou unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, para este mesmo proxecto e para os mesmos gastos subvencionables, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais; así como unha declaración sobre a concesión de calquera outra axuda minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, de conformidade co artigo 6.1 do Regulamento (UE) nº1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas minimis.

Décimo.- Que a Fundación Semana Verde de Galicia presentou unha declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto e contido*

O obxecto deste convenio é regular as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Semana Verde de Galicia para o financiamento pola Consellería de Política Social da organización e desenvolvemento no ano 2020 dun encontro informático virtual que levará a cabo a Fundación Semana Verde de Galicia, entidade beneficiaria da subvención.

O encontro informático virtual ten como obxectivo principal ser un punto de encontro e referencia para a xuventude no eido das novas tecnoloxías, combinando actividades educativas, lúdicas, formativas e culturais. Desenvolverase entre os meses de setembro a novembro de 2020, cunha duración de tres días e as actividades a subvencionar serán as seguintes:

1. Establecemento do centro de operacións e dun plató xigante de televisión.
2. Talleres formativos, nas seguintes áreas:
 - Software libre: Fast Foss Game; competicións de software libre, Deadline: AI Contest, Deadline: Fast Foss Game, Proxeccións: Fast Foss Game
 - Hardware: competicións Setpus, programación de cartuchos SNES, tiras de led programables.
 - Arte dixital: Fast Music, Fast 3D, Deadline: Música Dixital, Deadline: ilustración dixital, gráficos 3D, corotometraxe e debloxeFast 2D, Proxección: Música Dixital, Fast 3D, Fast 2D, Fotografía, retoque fotográfico.
 - Inicio ao dibuxo analóxico, Fast Cómic, Relato e Karaoke.
 - Torneo de xogos.
 - Programa Twitch.

Segunda. Crédito orzamentario

A achega financeira ao citado convenio, no que atinxe á Consellería de Política Social, establécese en vinte e tres mil sete centos trinta e un euros con catorce céntimos (23.731,14 €), con cargo á partida orzamentaria 13.05.313A.443.01 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, para a organización e desenvolvemento por parte da Fundación Semana Verde de Galicia do encontro informático virtual dende as súas instalacións.

Terceira. Compatibilidade de outras axudas e/ou subvencións

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade que puidera obter o beneficiario procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non obstante, e en todo caso, o importe global de todas as axudas que se obteñan non poderá superar o custo efectivo da actividade.

Cuarta. Condicións de pago. Xustificación do gasto

1. O aboamento do importe establecido realizarase nun único pagamento, unha vez que o beneficiario xustifique o gasto aplicable ao convenio, mediante a achega de facturas, nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social, documentos de retencións do imposto da renda das persoas físicas e documentos similares.
2. Para estes efectos considerárase como gasto efectuado o efectivamente pagado, é dicir, do que se acredite o seu pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario, segundo o establecido no artigo 42º 2. do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. Acompañarase unha certificación expedida polo director da Fundación Semana Verde de Galicia, da realización das actividades e o gasto derivado delas.
4. Achegarase, así mesmo, a declaración do conxunto de todas as solicitudes aprobadas ou concedidas así como as pendentes de resolución para este mesmo proxecto e para os mesmos gastos subvencionables das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos

autónomos, sociedades ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou internacionais; a declaración de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma; así como unha declaración sobre a concesión de calquera outra axuda minimis recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, de conformidade co artigo 6.1 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013.

5. Esta documentación deberá remitirse coa xustificación final e, en todo caso, coa data límite do 30 de novembro de 2020, así como unha declaración responsable nos termos do artigo 11º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Quinta. *Obrigas*

1. A Fundación Semana Verde de Galicia deberá cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que a seguir se relacionan:

- a) Non ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Non ter solicitado a declaración de concurso, non ter sido declarados insolventes en ningún procedemento, non ter sido declarados en concurso, salvo que neste tivera adquirido a eficacia dun convenio, non estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Non dar lugar, por causa da que foran declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.

d) Non estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que ostenten a representación legal doutras persoas xurídicas en algún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou non ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos que regulamentariamente se determinen.

f) Non ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Estar ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determine.

h) Non ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a presente lei ou a Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

2.Xunto cos requisitos anteriores a Fundación Semana Verde de Galicia debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

b) Xustificar ante o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control

financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, aportando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar ao órgano concedente ou á entidade colaboradora a obtención de outras subvenciones, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que tiveran fundamentado a concesión da subvención.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, na forma que se determine regulamentariamente.

f) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos por la lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvenciones, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Adoptar as medidas de difusión contidas no apartado 3 do artigo 15 da Lei 9/2007.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei 9/2007.

3. Así mesmo, deberá subministrar á Consellería de Política Social a información necesaria ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Sexta. Supervisión e control

A Fundación Semana Verde de Galicia someterase ás actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, poidan acordar os servizos competentes da Consellería de Política Social, tanto no relativo á organización e desenvolvemento do evento informático como á súa xestión e tramitación administrativa e documental, realizadas polo persoal designado para o efecto, e facilitará toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Sétima. Modificación

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderán dar lugar á modificación do presente convenio.

Oitava . Relación contractual

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados da Fundación Semana Verde de Galicia que desenvolvan as actividades programadas e a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

Novena. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora xerados dende o momento do seu pagamento, as seguintes:

- a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- b) A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- d) Os demais supostos previstos no artigo 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A tramitación do procedemento de reintegro realizarase de conformidade co disposto no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima. Comisión de seguimento e control

- 1. Constitúese unha comisión de seguimento e control, que vai levar a cabo as funcións contempladas no presente convenio e, en especial, as de supervisión e avaliación das actuacións nel recollidas.
- 2. A comisión estará composta por un representante de cada unha das entidades asinantes do convenio.
- 3. A representación da Consellería, corresponderalle á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de xuventude, que, así mesmo, ostentará a Presidencia da Comisión.
No caso de ausencia, será substituída por quen designe a persoa titular da Consellería.
- 4. A representación da Fundación Semana Verde de Galicia, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a presidencia do Padroado da Fundación.
- 5. A secretaría, e no seu caso a súa suplencia, corresponderalle á persoa que designe a persoa titular da presidencia da Comisión, de entre o persoal funcionario da Dirección Xeral competente en materia de xuventude. Contará con voz pero sen voto.

6. A comisión considerarase o mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, aos efectos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décimo primeira. Obrigas de publicidade

1. O convenio quedará sometido en canto a publicidade ao establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e á súa inscrición de conformidade co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Igualmente o convenio será obxecto de publicación e inscrición no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2006, coas limitacións en cumprimento da normativa de protección de datos de carácter persoal.

2. As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.

3. De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décimo segunda. Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.

A fin de darlle a publicidade esixida ao convenio, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito no presente convenio a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios coas limitacións que procedan.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou reiterar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Décimo terceira. *Lexislación aplicable. Xurisdición competente*

1. O presente convenio terá carácter administrativo, rexendo os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan xurdir, así como no que lle sexa aplicable polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e a Lei 40/2015,

do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

2. Esta axuda ampárase no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado do funcionamento da Unión Europea, ás axudas de minimis.

3. No presente convenio de colaboración correspóndelle á Consellería de Política Social, a prerrogativa de interpretación do mesmo e resolver as dúbidas que xurdan sobre o seu cumprimento, sendo os acordos adoptados neste caso inmediatamente executivos.

4. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio de colaboración serán resoltas polo conselleiro de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, que poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditara ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa, segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa. Para estes efectos o Tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Décimo cuarta. *Vixencia*

A vixencia do presente convenio de colaboración estenderase dende a data da súa sinatura ata o 30 de novembro do 2020, non sendo susceptible de prórroga. Non obstante, e dada a súa finalidade poderán subvencionarse con cargo ao mesmo, gastos relacionados directamente coa organización do evento dende o 1 de xaneiro de 2020.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio de colaboración por triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

O vicepresidente primeiro e conselleiro de
Presidencia, Xustiza e Turismo
Presidente do Padroado da Fundación
Semana Verde de Galicia



Alfonso Rueda Valenzuela

A conselleira de Política Social



Fabiola García Martínez